

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

Consulta no
[directorio de
Vieiros](#) as páxinas
sobre literatura,
editoriais e
librarías


Para entendermos a norma lingüística

[13/01/2006 09:33] por **Manuel Rodríguez Alonso**

Norma lingüística e variación

Rosario Álvarez / Henrique Monteagudo (eds.)

Instituto da Lingua Galega - Consello da Cultura
Galega, 2005, 436 páxs.



Entre novembro e decembro de 2003 o Instituto da Lingua Galega acolleu un simposio sobre variación lingüística e prescrición en que se analizan os problemas que suscita a normativización e a estandarización da lingua en relación coas distintas variedades desta. O libro que nos ocupa recolle as comunicacións que se presentaron neste simposio e resulta fundamental para comprender o proceso de estandarización que experimentou o galego nestes últimos tempos, así como tamén os retos que ten por diante.

Os que algunhas veces criticamos o ILG, porque en ocasións non explicou de forma clara os cambios dos seus criterios normativos (é evidente, por exemplo, este cambio de criterios entre *Galego 1, 2, 3* e o VOLGa), temos que felicitalo agora pola claridade con que os artigos reunidos neste libro detallan os criterios normativizadores que segue na actualidade este Instituto. Certo é que, aínda que ás veces o critiquemos, o ILG é o centro que máis e mellor estudou o galego e que a estandarización da nosa lingua sería impensable sen ter en conta o que este instituto leva publicado dende os métodos de *Galego 1, 2, 3*.

Os artigos que reúne este libro tratan diversos problemas sobre a estandarización do galego, así como os problemas que suscita a relación entre a lingua estándar ou normativa e as variedades representadas polos distintos rexistros da lingua, que é todo menos homoxénea, aínda que o estándar teña como obxectivo acadar un alto grao de homoxeneidade. Acerto grande é presentar nas comunicacións de Violeta Demonte, Joan Solá e Inês Duarte os problemas que suscita a normativización de linguas do noso contorno cultural, como son o castelán, o catalán e o portugués, respectivamente.

Unha das eivas que temos no galego é que aínda non contamos cunha gramática académica sancionada pola autoridade da RAG. Para sabermos que opina a Academia, a nosa primeira institución normativizadora segundo a vixente Lei de Normalización Lingüística, temos que acudir á *información oculta* que extraemos dos dicionarios académicos, especialmente dos seus exemplos. Xa vimos que, por desgraza, os dicionarios académicos son bastante imperfectos neste aspecto e non parece que sigan manual de estilo lexicográfico ningún. Por iso, lemos con satisfacción o artigo de Álvarez Blanco, Cidrás Escaneio, González Seoane, Regueira e Xove en que se nos explica o plan e criterios de redacción da gramática académica que está a elaborar este grupo de lingüistas, que parece ser tratará de combinar o descritivismo coa normativización. Esperamos ver axiña na rúa esta gramática.

O profesor X.L. Regueira discorre no seu artigo sobre a estandarización do rexistro oral do galego. O artigo de Regueira ofrece unha síntese moi clarificadora sobre o proceso de estandarización do galego, así como unha proposta para a normativización do oral que nos leva cara a un galego identificado e descastelanizado. Ademais, o profesor Regueira relaciona o proceso de estandarización da lingua cun proxecto político que converta o galego en verdadeira lingua de nación, dentro dunhas propostas sociopolíticas que, na nosa opinión, cremos que son as únicas que lle poden garantir ao galego un futuro como lingua da nosa comunidade, fronte ao asoballamento do castelán.

Elisa Fernández Rei na súa comunicación examina os problemas que suscita o estándar prosódico que van na liña do que no artigo enriba comentado propón Regueira. Inusual é dentro do botafumeiro que é a habitualmente a lingüística galega que a autora critique de forma negativa un manual de fonética galega de ampla difusión. Moi útil é o artigo en que se sistematiza o emprego de maiúsculas e minúsculas de Diéguez Diéguez et alii. Cómpre dicir que ningún artigo deixa de ter interese, pois aparecen tratados neles temas que van dende a o proceso normativizador do galego dende 1970, ás interferencias, ao uso correcto das formas verbais ou á relación sempre difícil entre sintaxe descritiva e normativa, como fan Cidrás, Álvarez Blanco, Xove, Silva Valdivia...

Xa que logo, cómpre ler este libro se queremos saber por onde camiña a

estandarización do galego. Eu só lle reprocho que non aparezan nel comunicacións ou opinións de lingüistas que non pertencen á esfera do ILG. Gañarían moito os cursos e simposios deste centro se se abrisen cara a outras tendencias, como poden ser as propostas da escola coruñesa de Freixeiro Mato e outras que por aí andan.

[descárgao gratis](#)

COMENTARIOS:

Hai 1 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Na memoria está a dignidade](#)
- ❑ [Penélope reinterpretada](#)
- ❑ [A novas Auria/Oria](#)
- ❑ [Novela prescindible](#)
- ❑ [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- ❑ [Crime sen castigo](#)
- ❑ [Na procura das orixes](#)
- ❑ [Un atasco entretido](#)

© Vieiros